



Luz López Pérez, en representación da Federación de Ensino de CC OO de Galicia, con DNI 76708450T e con domicilio a efectos de notificación na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8,1º Andar 15703 de Santiago de Compostela por medio do presente escrito

EXPÓN que:

1.- Con data de 10 de xaneiro publicouse a Orde de 29 de decembro pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral na Comunidade Autónoma de Galicia en determinadas unidades de competencia do CNC P

2.- Na devandita orde ábrese o proceso para acreditar dúas unidades de competencia (UC1427_3, UC1428_3) referidas á CUALIFICACIÓN PROFESIONAL SSC444_3 : Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) en centros educativos da Familia Profesional Servizos Socioculturais e á Comunidade Nivel 3 correspondentes ao Certificado de profesionalidade: SSCE0112

3.-A cualificación profesional SSC444_3 esta conformada por cinco unidades de competencia que non se teñen ofertado en convocatorias anteriores, faltaría por tanto a convocatoria de tres delas.

4 . -A orde establece un número de 15 prazas para cada unidade de competencia no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto de A Coruña.

5.- A Consellería de Educación ten moito persoal nos centros que xestiona que está a desempeñar postos de coidador/a de alumnado NEE, polo que se deba favorecer o acceso a este proceso de acreditación ás traballadoras e traballadores que na actualidade non teñen a titulación, para completar a súa profesionalización polo que tanto o número de unidades de competencia que se convocan neste proceso como o número de prazas é a todas luces insuficiente.

6.- O feito de circunscribir as prazas convocadas a un único centro de Galicia, restrinxen as posibilidades das e dos traballadores para poder acceder a este proceso, máxime cando á familia profesional á que pertence esta cualificación profesional existe en máis centros educativos da comunidade.

Polo que SOLICITA que:

- Por parte da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa se proceda mediante unha corrección de erros da Orde de 29 de decembro pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral na Comunidade Autónoma de Galicia en determinadas unidades de competencia do CNC P á convocatoria de TODAS AS UNIDADES DE COMPETENCIA DA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL SSC444_3
- Se amplíe o número de prazas para dito proceso
- Se oferten en todos os CIFP que posúan a familia profesional á que corresponde esta cualificación profesional.

Santiago, 12 de Xaneiro de 2018



Asdo: Luz López Pérez

DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA